

Visita á Delegación Provincial de Comercio Servicio de Inspección SOIVRE

Realizada polos alumnos de 2º curso do CS de Comercio Internacional

Os días 18 e 19 de Febreiro, os alumnos de 2º curso de Comercio Internacional realizaron unha visita á Delegación Provincial de Comercio - Servicio de Inspección SOIVRE, o servizo oficial de inspección, vixilancia e regulación das exportacións. As oficinas do SOIVRE poden ser territoriais ou provinciais, en Galicia, hai dúas oficinas provinciais situadas en Vigo e A Coruña.

A visita consistiu nunha charla de aproximadamente unha 1 hora, onde nos explicaron o funcionamento desta institución regulada pola secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Economía e Competitividade. A principal función do SOIVRE é realizar a inspección de certos produtos que van ser exportados ou importados. Para realizar este traballo están os inspectores do SOIVRE. Algunha das súas actividades son;

- Inspección, control de calidade comercial e de seguridade de determinados produtos, agroalimentarios e industriais.
- Obxecto de comercio exterior, planificación e dirección dos ensaios analíticos necesarios para cumprir as funcións de inspección e control de produtos, a través da rede laboratorios SOIVRE
- Inspección e control das especies suxeitas ao Convenio sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestre (CITES)
- Asistencia técnica ao exportador, asesorando e resolvendo obstáculos técnicos ao comercio, para así contribuír á internacionalización dos produtos españois.

Entre moitas outras actividades que realizan os inspectores, as oficinas do SOIVRE son lugares que ofrecen axuda e asistencia a exportadores que non saiban cales son os pasos a seguir nunha exportación.

As súas portas están abertas para axudar en calquera problema que teña a empresa ou empresario e así poder levar a cabo a exportación desexada.

Unha visita moi interesante e moi recomendable para as persoas dedicadas ao comercio internacional e que teñan calquera problema ou curiosidade a resolver.

Beatriz Yáñez González
Alumna de 2º Comercio. Internacional